

ACTIVIDADE DE MONTAÑA. PARQUE NATURAL DE BABIA. LEÓN.

Datas: do 29 de maio ao 1 de xuño

Lugar: Villablino. León.

Saída: día 29, xoves, ás **08:00**, diante da piscina universitaria

Regreso: día 1, domingo, ás 21:00 aprox.

Aloxamento: Estaremos aloxados en Villablino, León, no albergue Francisco Giner de los Ríos, en réxime de media pensión polo que hai que levar a comida para as rutas.

CONSIDERACIÓNS A TER EN CONTA:

Imos facer unha actividade de **montaña** durante varios días así que é importante estar acostumado a camiñar e superar desniveis.

As rutas en xeral son de dificultade media ou media/alta. Hai que ter un bo estado de forma e estar habituado á práctica do sendeirismo.

É preciso levar calzado axeitado para este tipo de actividade e que estea en boas condicións, así como **vestimenta axeitada** para facer a actividade.

A orde en que realizaremos as rutas dependerá das **previsións meteorolóxicas** xa que algunha das rutas, baixo condicións meteorolóxicas adversas, pode ser complicada. En caso de haber condicións moi malas pódese modificar o programa.

Non é obrigatorio facer tódalas rutas, podedes quedar descansando en Villablino algún día, ou facer outra cousa, pero será baixo a vosa responsabilidade.

A programación pode sufrir **cambios** ou variacións.

No albergue estaremos en réxime de media pensión, así que tendes que levar a **comida para as rutas**.

En todo momento debemos seguir de xeito estrito as **indicacións** dos monitores. Durante as rutas, o guía que vaia diante será o que marque o ritmo e o grupo ten que ir detrás.

É aconsellable (non imprescindible) levar o bastón (ou bastóns) de sendeirismo.

É moi importante **hidratarse** durante as actividades (**mínimo 1,5 litros de auga**). Pode que atopemos mananciais pero é auga sen ningún tratamento sanitario.

Imos ter tamén unha **importante exposición solar**, xa que en Babia os bosques escasean polo que o gorro, gafas e crema protectora son imprescindibles

As actividades que faremos:

1. Alto de Terreiros.

Lonxitude: 16 km

Desnivel: medio/alto


Dificultade: media/alta

O Alto de Terreiros é un cumio situado no sur de Babia, xa no límite con Omaña. A ruta comeza en Mena de Babia, un fermoso pobo do concello de Cabrillanes. É un percorrido que nos leva por paisaxes típicas de Babia, por amplas zonas de pastos gandeiros. Vai por unha pista cómoda e ao pouco se adentra no val do río do Monte. Antes de chegar ao fondo do val sepárase do río e a pendente aumenta ata chegar aos 1700m de altitude ao pe de Peña Blanca. Dende aquí seguimos a media ladeira pola pista que pouco a pouco vai desaparecendo e converténdose nun sendeiro. Só queda facer o último esforzo antes de chegar ao cumio. Dende o mesmo temos unhas vistas estupendas de gran parte de Babia, Omaña e Laciana. O regreso é polo mesmo sitio.

A ruta non ten moita dificultade salvo pola forte pendente nalgúns puntos. Pode haber lama en caso de choiva.

MIDE. Alto de Terreiros

<u>Horario:</u>	5,50 h	<u>Severidade do Medio Natural:</u>	3
<u>Desnivel de subida:</u>	850m	<u>Orientación no Itinerario:</u>	2
<u>Desnivel de baixada:</u>	850m	<u>Dificultade do desprazamento:</u>	2
<u>Distancia horizontal:</u>	16 km	<u>Cantidade de esforzo necesario:</u>	3
<u>Tipo de percorrido:</u>	Ida e volta		



2. Peña Orníz.

Lonxitude: 16,1 km

Desnivel: medio/alto


Dificultade: media/alta

Peña Orniz está na zona norte de Babia, de feito o cumio é compartido co parque natural de Somiedo. Se exceptuamos os picos do macizo de Ubiña, Peña Orniz é o cumio máis alto de Babia, con 2192 m de altitude. A ruta comeza en Torre de Babia, e vai inicialmente polo camiño que leva a la Laguna de las Verdes, a cal visitáramos nunha anterior actividade en Babia. E un percorrido moi cómodo, por unha pista gandeira moi ampla e vai gañando altitude pouco a pouco ata chegar a a lagoa da Recoleta. Aquí a pendente endurecese para acadar os Llanos del Tremedal. Xusto antes hai un treito duns 300 m que é bastante incómodo xa que pasa por pedreiros, rochas, e zonas con chanzos de pedras. Ao superalo a dificultade descende de xeito moderado e e tamén o desnivel se suaviza ata acadar o último tramo de ascenso no que a pendente é moi forte. Dende o cumio temos unhas vistas impresionantes de Babia e Somiedo, e poderemos ver aos nosos pes as Fontes do río Sil. O regreso é polo mesmo camiño.

A dificultade da ruta concéntrase nese tramo de 300m, polo demais faise relativamente ben

MIDE. Peña Orniz.

Horario:	6,10 h	Severidade do Medio Natural:	3
Desnivel de subida:	938m	Orientación no Itinerario:	2
Desnivel de baixada:	938m	Dificultade do desprazamento:	2
Distancia horizontal:	16,1 km	Cantidade de esforzo necesario:	4
Tipo de percorrido:	Ida e volta		



3. Picos del Huerto del Diablo

Lonxitude: 10,8 km


Desnivel: medio/alto

Dificultade: media/alta

Para facer esta ruta temos que ir no bus ata o alto do Puerto Ventana, entre Asturias e León. Os Picos del Huerto del Diablo atópanse dentro do macizo de Peña Ubiña. A ruta nos leva ás veces pola parte asturiana e outras pola parte leonesa, unhas veces dentro do parque natural de Babia e outras dentro do parque natural de Las Ubiñas. Esto fai que podamos ter unhas panorámicas estupendas de toda a parte asturiana. O percorrido vai inicialmente por pista pero pronto se converte en sendeiro. Vai ascendendo lentamente ata acadar o alto de Busbudín, a 1929m, aquí descendemos levemente ata a collada de Socellares onde comeza o ascenso aos nosos obxectivos do día. Este tramo é máis incómodo xa que hai pedra solta, pero a senda está ben definida. Se as condicións son boas podemos acadar o cumio do Pico del Huerto del Diablo Norte (2105m) e do Sur (2133m) xa que aínda que están moi xuntos ofrecen vistas diferentes. As vistas sobre Ubiña, o Prau e os Fontanes son impresionantes, tamén as que poderemos ver sobre os Puertos de Agüería e Peña Rueda. No descenso, que é polo mesmo camiño, tamén haberá posibilidade de subir a Peña Melluque (2049m). As dificultades están concentradas nos últimos tramos de ascenso, xa que hai pedra solta e zonas de rochas, pero indo amodo pode subirse ben.

MIDE. Picos del Huerto del Diablo

Horario:	4h 45'	Severidade do Medio Natural:	3
Desnivel de subida:	810m	Orientación no Itinerario:	2
Desnivel de baixada:	810m	Dificultade do desprazamento:	2
Distancia horizontal:	10,8 km	Cantidade de esforzo necesario:	3
Tipo de percorrido:	Ida e volta		



4. Peña La Crespa

Lonxitude: 11,8km

Desnivel: medio/alto

Dificultade: media/alta

O ascenso a este cumio o faremos dende Lago de Babia. A ruta non é moi longa pero chama a atención pola variedade das súas paisaxes. Ao comezo, no val, as zonas de pastos son predominantes. Logo de ascender uns quilómetros e chegar á zona de La Muesa pasamos por zonas de veigas onde o gando pasta en época estival. Máis adiante, na última parte, veremos unha paisaxe de alta montaña marcada pola imponente cara leste de La Crespa. O cumio é alongado, como o lombo dun dragón. Na última parte concéntranse as únicas dificultades, xa que o terreo é moi incómodo. O descenso o facemos polo mesmo sitio.

MIDE. Peña La Crespa

Horario:	4h 55'	Severidade do Medio Natural:	3
Desnivel de subida:	802m	Orientación no Itinerario:	2
Desnivel de baixada:	802m	Dificultade do desprazamento:	2
Distancia horizontal:	11,8 km	Cantidade de esforzo necesario:	2
Tipo de percorrido:	Ida e volta		

